

SOUTOMAIOR	MANTEMENTO OIX. ASESORÍAS ESPECIALIZADAS. ACTIVIDADES DE ENTROIDO. EXCURSIÓN A MANZANEDA. FIN DE SEMANA NAS FRAGAS DO EUME. CURSO: INGLÉS, ITALIANO, INFORMÁTICA, FOTOGRAFÍA. A TÚA SAÚDE. OBRADOIRO: XORNALISMO, RECICLAXE, ADORNOS DE NADAL. V BAIXADA.	6.322
TOMIÑO	MANTEMENTO OIX. OBRADOIROS: DROGAS, EDUCACIÓN SEXUAL, SIDA, COCIÑA. IV SEMANA DA SAÚDE. CURSOS: BUSCA DE EMPREGO, BONSAIS, NEMOTECNING. EDUCACIÓN PARA A PAZ, VIARIA. III CAMPAMENTO URBANO. DESEÑOS: CARTEIS, WEB. CURSOS: INTERNET, INFORMÁTICA.	6.158
TUI	ANIMACIÓN Á LECTURA: NON SO É LER E CLUBE DE LECTURA. DESEÑA A TÚA PÁXINA WEB E CREA O TEU PROPIO BLOG. CONCURSO DE BANDA DESEÑADA SOBRE TUL CINE AO AIRE LIBRE.	4.105
VALGA	MANTEMENTO OIX. VALGA MOZA. VALGA LECTORA. ESCOLAS: MÚSICA, TEATRO. REDE DE LUGARES PARA ENSAIOS. IGUALDADE: EDUCAR NOS AFECTOS. ESCOLA DE NAIS E PAIS. XORNADAS: AUGA, MONTE, EMPREGO. EDUCACIÓN EN ALIMENTACIÓN E NUTRICIÓN. 1ª EXPOSICIÓN DA CAMELIA.	5.255
VIGO	MANTEMENTO OIX. CREACIÓN DUN NOVO PUNTO DE INFORMACIÓN. SERVIZO: TURISMO XUVENIL, ORIENTACIÓN LABORAL, ORIENTACIÓN AO ESTUDANTE, VOLUNTARIADO EUROPEO, ACCESO GRATUITO Á INTERNET. ÁREA DE AUTOCONSULTA E DOCUMENTACIÓN.	7.225
VILABOA	MANTEMENTO OIX. CONCURSOS. OBRADOIROS. CURSOS: INFORMÁTICA, DANZA. CHARLAS.	4.762
VILA DE CRUCES	MANTEMENTO OIX. CONCURSOS: ENTROIDO, CARTEIS. CURSO DE PINTURA. CAMPAMENTO URBANO. FESTIVAL SAN CIDRÉ. FESTA DA MOCIDADE.	5.747
VILAGARCÍA DE AROUSA	MANTEMENTO OIX. CURSO DE FOTOGRAFÍA. PLAN DE DESCENTRALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E DA INFORMACIÓN. CAMPAMENTOS DE VERÁN. CURSO DE DANZA ORIENTAL.	6.815
VILANOVA DE AROUSA	MANTEMENTO OIX. AMIGOS DO MAR E DA MONTAÑA. EXCURSIÓN A AQUAPARK. FESTIVAL DE ENTROIDO. PROMOCIÓN DO ASOCIACIONISMO. OBRADOIRO: MANUALIDADES, INFORMÁTICA, MÚSICA, COIRO, GLOBOFLEXIA. CHARLAS: SIDA, DROGAS, ALCOL.	4.940
ILLA DE AROUSA (A)	MONICREQUES. SEN CENSURA. SEMANA DA CULTURA URBANA.	5.008

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 28 de novembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria de bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos oficiais de pos-grao nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster.*

Advertidos erros na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 237, luns, día 10 de decembro de 2007, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 19.405, no punto primeiro, onde di: «c) 7 bolseiros para estudos de ensinanza técnica con nota media ponderada igual ou superior a 1,2587.»; debe dicir: «c) 17 bolseiros para estudos de ensinanza técnica con nota media ponderada igual ou superior a 1,2587.».

*Orde do 28 de xaneiro de 2008 pola que se convocan, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, cursos de linguaxe administrativa galega que terán lugar nos períodos e nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican.*

O Estatuto de autonomía para Galicia establece que os poderes públicos de Galicia deberán garantir o uso normal e oficial do idioma galego e potenciar o seu emprego. Neste sentido, o artigo 6.4º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, especifica que a Xunta de Galicia ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. Dentro do seu ámbito, é a Secretaría Xeral de Política Lingüística o órgano que ten as atribucións e as funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega.

Pola súa parte, o artigo 59 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as escolas

oficiais de idiomas teñen por obxecto capacitar o alumnado para o emprego axeitado dos idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, cunha organización en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Nesta mesma lei, no punto 4º do artigo 60, establécese que, de acordo co que establezan as administracións educativas, as escolas oficiais de idiomas poderán impartir cursos para a actualización dos coñecementos de idiomas e para a formación do profesorado e doutros colectivos profesionais.

Mediante o acordo suscrito o día 17 de novembro de 2006 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Política Lingüística establécéronse as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as escolas oficiais de idiomas, como centros de ensinanza de réxime especial dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para impartir cursos de linguaxes específicas en lingua galega a partir do curso 2006-2007, logo da convocatoria anual correspondente.

Por iso, no uso das funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten atribuídas,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto convocar, con carácter gratuito, cursos de linguaxe administrativa galega, de nivel medio e superior, nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican no anexo II.

Os cursos impartiranse en dúas quendas: a primeira comezará en febreiro/marzo de 2008 e a segunda en outubro de 2008, en horario de mañá ou de tarde segundo a dispoñibilidade de aulas.

Artigo 2º.-*Beneficiarios dos cursos.*

Os cursos van dirixidos preferentemente ao persoal que realiza funcións administrativas nas diferentes administracións públicas de Galicia. No caso de non cubrirse as prazas ofertadas para cada curso, poderán solicitar a realización destes cursos as persoas maiores de idade que posúan o certificado de ter feito o curso de perfeccionamento de galego ou acreditación equivalente para acceder ao nivel que soliciten.

*Artigo 3º.-Solicitudes e prazos.*

Tendo en conta o disposto no parágrafo primeiro do seguinte artigo 4º, as solicitudes, segundo o modelo de instancia que figura como anexo I desta orde, presentaranse na propia escola oficial de idiomas onde teña lugar o curso para o que se solicita praza.

Os prazos para a presentación das solicitudes serán os seguintes:

-Para a quenda de febreiro/marzo a xuño: será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

-Para a quenda de outubro a xaneiro: do 1 ao 20 de setembro de 2008.

O alumnado que aspire a participar nestes cursos deberá engadir ao modelo de solicitude un xustificante de ser persoal ao servizo das diferentes administracións públicas de Galicia. Igualmente, os aspirantes ao curso medio deberán engadir unha copia compulsada da certificación que acredite que ten superado ou validado o curso básico de linguaxe administrativa galega ou de perfeccionamento de lingua galega; para acceder ao curso superior deberase acreditar a superación ou validación do curso medio de linguaxe administrativa galega.

As listas de seleccionados para participar nos cursos, así como as súas datas de comezo, faranse públicas tanto nos taboleiros de anuncios da escola oficial de idiomas en que terá lugar o curso coma na súa páxina web.

*Artigo 4º.-Asignación das prazas.*

As prazas para o persoal que realiza funcións administrativas nas diferentes administracións públicas de Galicia asignaranse por rigorosa orde de entrada da solicitude de matrícula no centro.

No caso de que non houbese suficiente matrícula deste alumnado para cubrir o curso, poderán optar as persoas que posúan o certificado de ter feito o curso de perfeccionamento de galego ou acreditación equivalente.

Os cursos terán un número mínimo de 15 participantes e un número máximo de 25. No caso de que non se acade o número mínimo, poderán non realizarse. Neste caso, a escola oficial de idiomas comunicará aos aspirantes a súa suspensión.

*Artigo 5º.-Características dos cursos: contidos e avaliación.*

1. Os cursos axustaranse aos contidos sinalados na Orde do 1 de abril de 2005 (DOG nº 71, do 14 de abril), pola que se regulan os cursos de formación en lingua galega e as validacións correspondentes, e a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

2. Cada curso terá unha duración de 75 horas (60 horas lectivas, coa obrigada presenza de todo o alumnado, e 15 horas de tratamento individualizado, en que o alumnado poderá realizar actividades específicas de reforzo e/ou actividades prácticas complementarias).

3. Corresponderalle ao profesorado a programación destas horas, de acordo coas necesidades e o desenvolvemento do curso.

4. A cualificación do alumnado dos cursos de lingua galega deberá responder aos principios de avaliación continua, terá en conta o dominio oral e escrito no idioma galego e tamén, entre outros elementos, o traballo diario na aula, os traballos teóricos e prácticos e a asistencia. En calquera caso, a cualificación final do alumnado expresárase nos termos de apto ou non apto.

5. Todas as actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse no referente á normativa e ao uso correcto do idioma, tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística, ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo do ano 2003.

6. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia, xustificada ou non, de cada un dos asistentes non poderá ser superior ao 10% da duración total do curso.

7. Ao remate de cada curso, aos asistentes que superaran as distintas fases da avaliación outorgáraselles un certificado coa cualificación de apto. Este certificado será emitido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, a través dos gabinetes provinciais da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

8. Os cursos serán gratuítos para todos os participantes.

9. Para os efectos da emisión do certificado correspondente, o alumnado que non estea ao servizo das distintas administracións públicas de Galicia deberá aboar as taxas correspondentes.

*Artigo 6º.-Cursos que se ofertan.*

Os cursos ofertados nas distintas escolas oficiais de idiomas de Galicia figuran na táboa anexa a esta orde, distribuídos en dous períodos: quenda de febreiro/marzo e quenda de outubro.

*Artigo 7º.-Profesorado.*

Estes cursos serán impartidos polo profesorado dos departamentos didácticos de lingua galega das escolas oficiais de idiomas que realizasen o correspondente curso de formación previo para a docencia en linguaxe administrativa galega.

O profesorado de cada curso será o responsable de programar e desenvolver os contidos sinalados na Orde do 1 de abril de 2005, DOG nº 71, do 14 de abril, así como de avaliar o alumnado e levar os correspondentes rexistros de asistencia. Igualmente, o profesorado de cada curso será o responsable de elaborar a acta final en que figurará a relación de aptos e non aptos, que deberá ser remitida aos correspondentes gabinetes provinciais da Secretaría Xeral de Política Lingüística, nun prazo non superior a 15 días ao remate do curso, para proceder á expedición do certificado correspondente.

*Disposición derradeira*

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E  
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA QUE SE REALIZARÁN NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED104G</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
CORPO, ESCALA OU PRAZA*	GRUPO*	Nº DE REXISTRO DE PERSOAL*	
CLASE DE PERSOAL*	CENTRO DE DESTINO ACTUAL*		
ADMINISTRACIÓN*	ENDEREZO DO POSTO DE TRABALLO ACTUAL (RÚA E Nº)		
LOCALIDADE DE TRABALLO*	PROVINCIA*	CÓDIGO POSTAL*	TELÉFONO OFICINA (EXT.)*

\* Cubrir só no caso de persoal das administracións públicas

## DATOS DO CURSO SOLICITADO

NIVEL		
<input type="checkbox"/> MEDIO	<input type="checkbox"/> SUPERIOR	
ORDE DE CONVOCATORIA	Nº DE DOG	DATA DE PUBLICACIÓN
EOI DE REALIZACIÓN	DATAS	HORARIO

## DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACHEGAR

<input type="checkbox"/> Nivel medio: copia compulsada do certificado de acreditación de ter superado ou validado o curso básico de linguaxe administrativa ou o curso de perfeccionamento de lingua galega.
<input type="checkbox"/> Nivel superior: copia compulsada do certificado de acreditación de ter superado ou validado o curso medio de linguaxe administrativa galega.

## DECLARACIÓN XURADA:

Declaro baixo xuramento que todos os datos da solicitude son certos.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 28 de xaneiro de 2008 pola que se convocan, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, cursos de linguaxe administrativa galega que terán lugar nos periodos e nas escolas oficiais de idiomas de Galicia que se indican.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**ANEXO II**  
**Relación de cursos ofertados**

## EOI A Coruña

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Medio	Febreiro		16.00 a 18.30	Martes e xoves
Medio	Outubro		16.00 a 18.30	Martes, xoves e venres
Superior	Outubro	9.00 a 11.00		Luns, mércores e venres

## EOI Santiago de Compostela

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Medio	Febreiro		13.00 a 15.00	Martes e venres
Medio	Outubro		13.00 a 15.00	Martes e venres

## EOI Ferrol

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Superior	Marzo	9.00 a 11.00		Martes, xoves e venres
Medio	Outubro		(Sen determinar)	(Sen determinar)
Medio	Outubro	(Sen determinar)		(Sen determinar)

## EOI Lugo

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Superior	Marzo		13.00 a 15.00	Luns, xoves e venres
Medio	Outubro		(Sen determinar)	(Sen determinar)

## EOI Ourense

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Medio	Outubro	10.00 a 12.00		Luns, mércores e venres
Superior	Outubro	12.00 a 14.00		Luns, mércores e venres

## EOI Pontevedra

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Medio	Febreiro		17.00 a 18.30	Luns, mércores e venres
Medio	Outubro		17.00 a 18.30	Luns, mércores e venres

## EOI Vigo

Nivel	Quenda	Horarios		Días
		Mañá	Tarde	
Medio	Febreiro	9.30 a 11.30		Martes e venres
Medio	Febreiro		18.00 a 20.00	Luns e xoves
Medio	Outubro	9.00 a 11.00		Martes e xoves
Medio	Outubro		16.00 a 18.00	Luns e mércores

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Corrección de erros.-Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios para o período 2007-2013 e se convocan para o exercicio orzamentario de 2008.*

Advertidos erros na citada orde publicada no DOG nº 8, do 11 de xaneiro de 2008, é necesario efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 732, no artigo 6º (prazo), onde di: «Non obstante, no caso de que o investimento inclúa a construción de novas superficies cubertas ou ampliación das existentes, o solicitante terá un prazo adicional dun mes ao sinalado anteriormente para presentar a preceptiva licenza de obras», debe dicir: «Non obstante, no caso de que o investimento inclúa a construción de novas superficies cubertas ou ampliación das existentes, o solicitante terá un prazo adicional de dous meses ao sinalado anteriormente para presentar a preceptiva licenza de obras».

*Orde do 28 de xaneiro de 2008 pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2008 as axudas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas.*

O Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no seu artigo 45 establece a primeira forestación de terras non agrícolas.

O Real decreto 2128/2004, do 29 de outubro, polo que se regula o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, establece as normas de aplicación do dito sistema e a súa utilización como instrumento de xestión no marco do sistema integrado de xestión e control e resto de réximes de axuda relacionados coa superficie da política agrícola común. Así mesmo, a Orde do 24 de xaneiro de 2005 (DOG nº 19, do 28 de xaneiro), da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, establece o Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas en Galicia.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e o Decreto 105/2006, do 22 de xuño, regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

A Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 27.10º do Estatuto de autonomía, ten competencia exclusiva en materia de montes e aproveitamentos forestais.

A Consellería do Medio Rural, segundo o establecido no Decreto 175/2007, do 13 de setembro (DOG nº 86, do 25 de setembro), polo que se modifica o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, é o organismo competente para a xestión destas axudas que teñen como obxectivos os seguintes:

- a) Fomentar a forestación de especies forestais en terreos non agrícolas.
- b) A diminución das masas forestais monoespecíficas favorecendo o aumento da diversidade.
- c) O aumento da superficie forestal arborizada.
- d) A diminución do risco de incendios forestais mediante a valorización dos terreos forestais.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ten por obxecto a regulación do réxime xurídico propio das subvencións cuxo establecemento e xestión lles corresponde á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, organismos e demais entidades vinculadas ou dependentes desta, así como tamén ás entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e entidades dependentes delas.

De conformidade co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.